



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0213	Atención e apoio psicosocial	2025/2026	0	240	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBA DURO TOJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Organiza a área onde desenvolve o seu labor, tendo en conta a relación entre as necesidades psicosociais das persoas en situación de dependencia e as características da institución ou do domicilio.
RA2 - Selecciona estratexias de apoio psicosocial e habilidades de relación social, para o que analiza as necesidades e as características das persoas en situación de dependencia.
RA3 - Selecciona, en función das súas características e do plan de intervención establecido, e aplica técnicas e exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional coas persoas en situación de dependencia.
RA4 - Caracteriza as técnicas de acompañamento para actividades de relación social e de xestión da vida cotiá, tendo en conta a relación entre os recursos comunitarios e as necesidades das persoas en situación de dependencia.
RA5 - Describe estratexias e técnicas de animación grupal na institución, para o que analiza as necesidades das persoas en situación de dependencia.
RA6 - Prepara información para as persoas coidadoras non formais, tendo en conta a relación entre as súas demandas e necesidades, e os recursos comunitarios.
RA7 - Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse as características organizativas e funcionais da institución ou do domicilio que incidan na situación psicosocial das persoas en situación de dependencia.
CA1.2 Descríbense os factores ambientais e os elementos espaciais e materiais que inciden na relación social.
CA1.4 Orientouse a persoa usuaria e o persoal coidador informal sobre os espazos e os materiais para favorecer o desenvolvemento autónomo, a comunicación e a convivencia das persoas en situación de dependencia.
CA1.7 Xustificáronse as vantaxes de organizar o espazo de cara á mellora da calidade de vida das persoas en situación de dependencia.
CA2.1 Descríbense as características e as necesidades fundamentais das relacións sociais das persoas en situación de dependencia.
CA2.2 Analizáronse os criterios e as estratexias para organizar a intervención referida ao apoio psicosocial ás persoas en situación de dependencia e a creación de novas relacións.



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA2.3 Identifícanse os recursos, os medios, as técnicas e as estratexias de apoio e desenvolvemento das habilidades sociais das persoas en situación de dependencia.
CA2.4 Seleccionáronse os medios e os recursos expresivos e comunicativos que favorezan o mantemento das capacidades relacionais das persoas en situación de dependencia.
CA2.4.1 Seleccionáronse os recursos comunicativos que favorezan o mantemento das capacidades relacionais das persoas en situación de dependencia.
CA2.7 Aplicáronse técnicas de modificación de conduta e de resolución de conflitos para a atención social a persoas con necesidades especiais.
CA2.7.1 Identifícanse técnicas de modificación de conduta e de resolución de conflitos para a atención social a persoas con necesidades especiais.
CA2.8 Xustificouse a necesidade de respectar as pautas de comunicación e o uso das habilidades de relación social de cada persoa usuaria.
CA3.1 Descríbense as características específicas da motivación e da aprendizaxe das persoas maiores, discapacitadas e enfermas.
CA3.2 Identifícanse estratexias de intervención adecuadas á realización de exercicios e actividades dirixidas ao mantemento e á mellora das capacidades cognitivas.
CA4.2 Identifícanse as actividades de acompañamento que cumpra facer, tanto nunha institución como no domicilio, respectando os dereitos das persoas implicadas.
CA4.3 Seleccionáronse criterios e estratexias que favorezan a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia nas situacións de acompañamento.
CA4.3.1 Identifícanse criterios que favorezan a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia nas situacións de acompañamento.
CA4.5 Rexistrouse o desenvolvemento das actividades de acompañamento, así como as incidencias xurdidas durante estas.
CA5.1 Defínense as técnicas de animación para dinamizar as actividades de lecer das persoas en situación de dependencia.
CA5.2 Descríbense as estratexias de animación e motivación que potencien a participación nas actividades que se realizan nunha institución concreta.
CA5.4 Analizáronse os materiais de carácter lúdico adecuados ás persoas usuarias, e determináronse as súas características e as súas utilidades.
CA5.5 Descríbense actividades de lecer e tempo libre, dentro e fóra da institución, tendo en conta as necesidades das persoas usuarias.
CA6.1 Defínense os recursos comunitarios dirixidos a persoas en situación de dependencia.
CA6.3 Identifícanse as vías de acceso e as xestións necesarias para que o persoal coidador informal solicite as prestacións máis frecuentes.



Criterios de avaliación do currículo
CA6.4 Identificáronse formatos e modelos de solicitude de axudas, prestacións e servizos.
CA6.6 Xustificouse o establecemento de relacións coas familias e o persoal que se encargue das persoas usuarias.
CA7.1 Identificáronse as fontes de información implicadas na atención psicosocial da persoa en situación de dependencia.
CA7.2 Definíronse os instrumentos de recollida de información para o seu uso no proceso de avaliación da intervención e valoración da persoa en situación de dependencia.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Organiza a área onde desenvolve o seu labor, tendo en conta a relación entre as necesidades psicosociais das persoas en situación de dependencia e as características da institución ou do domicilio.
RA2 - Selecciona estratexias de apoio psicosocial e habilidades de relación social, para o que analiza as necesidades e as características das persoas en situación de dependencia.
RA3 - Selecciona, en función das súas características e do plan de intervención establecido, e aplica técnicas e exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional coas persoas en situación de dependencia.
RA4 - Caracteriza as técnicas de acompañamento para actividades de relación social e de xestión da vida cotiá, tendo en conta a relación entre os recursos comunitarios e as necesidades das persoas en situación de dependencia.
RA5 - Describe estratexias e técnicas de animación grupal na institución, para o que analiza as necesidades das persoas en situación de dependencia.
RA6 - Prepara información para as persoas coidadoras non formais, tendo en conta a relación entre as súas demandas e necesidades, e os recursos comunitarios.
RA7 - Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Respectáronse as orientacións recibidas, as necesidades e as características das persoas, os seus costumes e os seus gustos, así como as normas de seguridade e hixiene no mantemento dos espazos e da moblaxe.
CA1.5 Decoráronse os espazos en función das necesidades da persoa en situación de dependencia, así como do calendario, o ámbito cultural e o programa de actividades da institución.



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
CA1.6 Confeccionáronse os elementos de sinalización e simbolización para organizar os materiais e os utensilios dunha aula-obrairo ou dun domicilio, e deste xeito facilitar a autonomía da persoa en situación de dependencia.
CA1.8 Amosouse iniciativa na organización do espazo de intervención dentro da institución ou do domicilio.
CA2.4 Seleccionáronse os medios e os recursos expresivos e comunicativos que favorezan o mantemento das capacidades relacionais das persoas en situación de dependencia.
CA2.4.2 Identifícanse os medios e os recursos comunicativos que favorezan o mantemento das capacidades das persoas en situación de dependencia.
CA2.5 Seleccionáronse técnicas e estratexias de apoio para colaborar no mantemento e no desenvolvemento de habilidades sociais adaptadas ás situacións cotiás.
CA2.6 Aplicáronse as tecnoloxías de información e da comunicación para o mantemento da relación social co medio.
CA2.7 Aplicáronse técnicas de modificación de conduta e de resolución de conflitos para a atención social a persoas con necesidades especiais.
CA2.7.2 Descríbense técnicas de modificación de conduta e de resolución de conflitos para a atención social a persoas con necesidades especiais.
CA3.3 Aplicáronse as actividades rehabilitadoras e de mantemento cognitivo adaptadas ás necesidades específicas das persoas usuarias e á programación.
CA3.4 Utilizáronse materiais, con iniciativa e creatividade, para a realización de actividades e exercicios dirixidos ao mantemento e á mellora das capacidades cognitivas.
CA3.5 Realizáronse as actividades para o mantemento e a mellora da autonomía persoal.
CA3.6 Colaborouse coa persoa en situación de dependencia na realización dos exercicios de mantemento e adestramento cognitivo.
CA3.7 Respectáronse as limitacións das persoas en situación de dependencia, non só físicas senón tamén culturais, á hora de realizar as actividades e os exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional.
CA3.8 Aplicáronse técnicas de motivación para persoas en situación de dependencia na planificación dos exercicios e as actividades de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional.
CA4.1 Obtívose información do equipo interdisciplinar para identificar as necesidades de acompañamento da persoa en situación de dependencia.
CA4.3 Seleccionáronse criterios e estratexias que favorezan a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia nas situacións de acompañamento.
CA4.3.2 Desenvolvense estratexias que favorezan a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia nas situacións de acompañamento.
CA4.4 Adaptáronse os recursos comunitarios das persoas en situación de dependencia ao acompañamento para o lecer e o acceso aos recursos, de acordo coas súas características e cos intereses persoais.



Criterios de avaliación do currículo
CA4.6 Respectáronse os intereses das persoas en situación de dependencia na realización de actividades de lecer e tempo libre.
CA4.7 o respecto ás directrices, ás orientacións e aos protocolos establecidos nas tarefas de acompañamento.
CA5.3 Seleccionáronse recursos específicos de lecer adecuados ás persoas en situación de dependencia.
CA5.6 Dispúxose o mantemento e o control dos recursos de lecer e culturais dentro da institución.
CA5.7 Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades de animación e eventos especiais na institución.
CA5.8 Xustificouse o respecto polos intereses das persoas usuarias e os principios de autodeterminación da persoa dependente á hora de ocupar o seu tempo libre e participar en actividades de animación de lecer e tempo libre.
CA6.2 Elaborouse un ficheiro de recursos de apoio social, ocupacional, de lecer e tempo libre, e de prestacións económicas.
CA6.5 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para localizar recursos comunitarios.
CA6.7 Expresouse adecuadamente no proceso de comunicación coas familias e co persoal coidador non formal.
CA7.3 Formalizáronse os protocolos específicos de cada intervención e do proceso de avaliación, tanto no domicilio como na institución.
CA7.4 Aplicáronse instrumentos de rexistro e transmisión das observacións realizadas no desenvolvemento das actividades.
CA7.5 Valorouse a importancia dos procesos de avaliación no desenvolvemento do seu labor profesional.
CA7.6 Xustificouse a importancia da transmisión da información ao equipo interdisciplinar.
CA7.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A presente programación foi realizada atendendo ao Decreto 226/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia.



MÍNIMOS ESIXIBLES:

Para superar o módulo de Atención e apoio psicosocial a persoa aspirante deberá ter un coñecemento teórico-práctico suficiente en relación ás seguintes cuestións:

- O alumnado amosará a competencia en organizar a área onde desenvolve o seu labor, tendo en conta a relación entre as necesidades psicosociais das persoas en situación de dependencia e as características da institución ou do domicilio.
- O alumnado amosará a competencia de seleccionar estratexias de apoio psicosocial e habilidades de relación social, para o que analiza as necesidades e as características das persoas en situación de dependencia.
- O alumnado amosará a competencia de seleccionar, en función das súas características e do plan de intervención establecido, e aplica técnicas e exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional coas persoas en situación de dependencia.
- O alumnado amosará competencia de caracterizar as técnicas de acompañamento para actividades de relación social e de xestión da vida cotiá, tendo en conta a relación entre os recursos comunitarios e as necesidades das persoas en situación de dependencia.
- O alumnado amosará a competencia de describir estratexias e técnicas de animación grupal na institución, para o que analiza as necesidades das persoas en situación de dependencia.
- O alumnado amosará a competencia de preparar información para as persoas coidadoras non formais, tendo en conta a relación entre as súas demandas e necesidades, e os recursos comunitarios.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- 1ª Parte da Proba:

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a primeira parte da proba terá carácter eliminatorio, polo que será imprescindible superala para acceder á 2ª parte da proba.

A 1ª parte estará constituída por preguntas tipo test e/ou de preguntas a desenvolver sobre os contidos relacionados cunha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación que se relacionan nesta programación para a primeira parte da proba.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

Superarase esta proba cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima "0,75" ou máis.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 na segunda parte da proba a efectos de calcular a cualificación final da proba libre.

- 2ª Parte da Proba:

Consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio suficiente dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para dar resposta a todas as cuestións.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, polo que serán avaliados por separado. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación.



No caso de non acadar o 5 nalgún dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica a persoa candidata non acadará o 5 na cualificación global da segunda parte da proba en ningún caso.

Terase en conta o uso e dominio do vocabulario específico do módulo.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima "0,75" ou máis.

Segundo o artigo 14.2 da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico/a e de técnico/a superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no caso das persoas aspirantes que non superen a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.

CALCULO DA NOTA FINAL DO MÓDULO

Superarase esta proba libre do módulo profesional de Atención e Apoio Psicosocial cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10. A nota final será o resultado da media aritmética de ambas probas expresada con números naturais enteiros, entre 1 e 10, só se fará media de cualificacións nas diferentes partes obtendo unha cualificación de 5 ou máis en cada parte. Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima "0,75" ou máis.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba estará constituída por preguntas tipo test e/ou de preguntas a desenvolver sobre os contidos relacionados cos CA que se relacionan nesta programación para a primeira parte da proba.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con documento oficial.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior dende o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ate o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe: reloxos intelixentes, lentes con cámara intelixente, teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.



4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio adecuado dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte. A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, polo que serán avaliados por separado. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación. No caso de non acadar o 5 nalgún dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica a persoa candidata non acadará o 5 na cualificación global da segunda parte en ningún caso.

A proba terá unha duración de 120 minutos.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade co DNI ou pasaporte.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ata o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe: reloxos intelixente, lentes con cámara intelixente, teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxos), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciadas as probas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.